

*Por un consumo responsable e sostible*

## **EROSKI INCORPORA UNHA NOVA BOLSA DE PAPEL COMO ALTERNATIVA Á BOLSA DE PLÁSTICO DUN SÓ USO**

- **As novas bolsas serán de papel co selo FSC® (Forest Stewardship Council), certificación que acredita que a fibra do papel provén de fontes responsables**
- **Progresivamente a cooperativa incluírá dúas alternativas máis, as bolsas compostables e as bolsas reutilizables fabricadas con máis dun 55% de plástico reciclado**
- **EROSKI seguirá mantendo tamén a súa bolsa ecolóxica reutilizable de rafia, fabricada con plástico reciclado, e mais a súa bolsa solidaria de tea que, amais de ser reutilizable, dedica os beneficios da súa venda a causas solidarias**
- **O obxectivo de EROSKI é reducir para o 2025 polo menos nun 20% as toneladas de plástico dun só uso que emprega actualmente**

Elorrio, 14 de xaneiro de 2019.- [EROSKI](#) incorpora unha nova bolsa de papel como alternativa á bolsa de plástico no seu compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar patróns de consumo máis sostibles. As novas bolsas serán de papel co selo FSC® mixto (Forest Stewardship Council), certificación que acredita que a fibra do papel provén de bosques xestionados de maneira sostible ou de material reciclado, e que son 100% reciclables. Estarán dispoñibles xa esta semana nos hipermercados e progresivamente iranse incorporando a toda a rede comercial.

*"Ofrecemos esta alternativa máis sostible como parte do noso compromiso pola protección do medio natural e como resposta á demanda dos nosos clientes, que a través das distintas canles de participación nos fixeron chegar as súas suxestións. Estamos convencidos de que as novas bolsas terán unha boa acollida entre os nosos clientes porque compartimos con eles a nosa preocupación pola sustentabilidade en todos os ámbitos da compra",* sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Amais da nova bolsa de papel, EROSKI implantará progresivamente un abano de solucións máis completo, variado e sostible axeitado a todos os tipos de compra para substituír as bolsas de plástico convencional. A súa gama de bolsas de compra incorporará nas vindeiras semanas outra bolsa compostable, fabricada con materiais de orixe vexetal renovables e que se pode reutilizar como bolsa de lixo

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

para a fracción orgánica. Ofrecerá tamén unha bolsa reutilizable de plástico, 100% reciclable e que terá como materia prima plástico reciclado polo menos nun 55%.

*"En EROSKI estamos moi comprometidos co medio natural. Cada ano acaban no mar entre 4,8 e 12,7 millóns de toneladas de plásticos e estímase que entre o 60 e o 80% do lixo mariño corresponde a plásticos. A nosa intención é seguir a avanzar para manter o noso liderado no sector na redución do impacto ambiental abusivo do plástico e por iso ofrecemos novas alternativas sostibles. O noso obxectivo é alcanzar para o 2025 unha redución de polo menos o 20% das toneladas de plásticos dun só uso que empregamos actualmente",* lembrou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Xunto ás novas solucións sostibles que vai ir implantando, a cooperativa seguirá mantendo a alternativa de uso da súa bolsa ecolóxica reutilizable de rafia, fabricada cun 70% de material reciclado, e mais a súa bolsa solidaria reutilizable en tea, que é moi doada de encartar para levar no peto, no bolso ou no compartimento do coche e que xunta medio natural e solidariedade, xa que a totalidade dos beneficios da súa venda dedícanse a causas solidarias.

### **Compromiso co medio natural**

A cooperativa é unha compañía fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no eido no que opera. O uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus agora renovados [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#) que presentou o pasado ano e nos que tamén se enmarcan as novas solucións de bolsas da compra máis sostibles.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)